


## RESUMO REGULAMENTO DO VOLEIBOL

O campo de xogo é un rectángulo de 18x9 metros, rodeado por una zona libre dun mínimo de 3 metros de ancho en todos os seus lados.

A rede está a unha altura de 2,43 metros.



### O equipo anota UN punto:

- Cando envía exitosamente o balón ao chan do campo de xogo do adversario.
- Cando o equipo adversario comete una falta.
- Cando o equipo adversario recibe un castigo.

Un set (excepto el decisivo 5º set) gaña o equipo que primeiro anota 25 punto con vantaxe mínima de dous. No caso de empate 24-24, o xogo continúa ata que se consiga una vantaxe de dous puntos (26-24, 27-25, etc.)

O encontro gañao o equipo que consegue gañar dous sets (cando o partido se xoga a tres sets), os tres sets (cando o partido é a cinco sets). Neste último caso, si se da empate 2-2, o set decisivo (o 5º) xógase a 15 punto cunha vantaxe mínima de dos xogos.

Sempre deben ter seis xogadores no campo cada equipo.

A zona de saque é un área de 9 metros de ancho detrás da liña final.

Cando o equipo receptor gaña o dereito a sacar, o seus xogadores rotan una posición no sentido das agullas do reloxo. A orde de rotación debe manterse durante todo o set. Ao començar un novo set, os xogadores poden colocarse na distribución que desexen.

**O balón é “dentro”** cando o contacto da pelota co chan se produce dentro do campo, incluídas as liñas de delimitación. **O balón é “fóra”** cando o contacto da pelota no chan se produce completamente fóra das liñas de delimitación do campo.

Cada equipo debe xogar dentro do seu propio campo. O balón pode, sen embargo, recuperarse máis alá do seu campo.

O balón pode tocar calquera parte do corpo (cabeza, pé, etc..). Debemos de golpéalo, nunha retido y/ou lanzado.

**Cada equipo ten dereito a un máximo de tres toques** (ademáis do bloqueo) para enviar o balón ao campo contrario.

**Un balón que cruza a rede pode tocala. Tamén no saque.**

No momento do golpe de saque, ou do despegue par aun saque en suspensión, o sacador non pode tocar a cancha (incluída a liña de fondo). Está prohibido bloquear o saque do adversario.

En cada set, cada equipo ten dereito a un máximo de dous tempos mortos para descansar. Poden realizarse substitucións.

**O equipo comete falta cando:**

- Non segue a orde de rotación.
- Envía a pelota fóra dos límites do campo (as liñas forman parte do campo).
- Bloquea o saque do contrario.
- O equipo golpea catro veces a pelota.
- O xogador/a golpea dúas veces consecutivas a pelota (o bloque non conta como golpe)
- Un xogador/a acompaña ou empurra a pelota.
- Un xogador/a toca a rede mentres participa nunha xogada.
- Un xogador/a pisa máis alá da liña central.
- Un xogador/a golpea a pelota dentro do campo contrario ou golpea tamén dentro do campo contrario antes de que o outro equipo finalice a xogada.

Se dúas ou máis faltas son cometidas sucesivamente, sólo se ten en conta a primeira.

Se dúas ou máis faltas son cometidas simultaneamente polos dous adversarios, cométese una dobre falta e a xogada repítese.

**A consecuencia dunha falta é a pérdida da xogada:**

- Se o equipo adversario ao que comete a falta fixo o saque, aquel anota o punto e segue sacando.
- Se o equipo adversario ao que comete a falta recibiu o saque, anota un punto e gaña o dereito a sacar.